



CRITERIOS OUTORGAMENTO MENCIÓN HONORÍFICA EN ED. PRIMARIA

Segundo a Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

A obtención da mención honorífica por parte dun alumno ou alumna debe constar no seu expediente e historial académico e na acta de avaliación final do alumnado.

Os criterios que seguiremos para outorgar a mención honorífica en educación primaria son os seguintes:

1. Obter unha cualificación de 9 ou superior na nota media de dita área e que demostrase un interese pola mesma especialmente destacable.
2. O número de mencións honoríficas outorgadas por cada curso non poderá ser superior ao 20% do alumnado matriculado en sexto curso.
3. Non ter ningunha conduta contraria ou gravemente prexudicial para a convivencia no centro educativo.
4. Que na sesión de avaliación final o equipo docente, na que deberá estar algún membro do equipo directivo, a maioría deste equipo estea de acordo en outorgar esta mención.
5. Cando o número de alumnos/as sexa superior ao número de mencións honoríficas que se poidan dar, entón asignaranse seguindo estes criterios:
 1. Alumnado con unha cualificación de 9 ou superior na nota media nas outras materias de 6º curso.
 2. Alumnado con unha cualificación de 9 ou superior na nota media nas materias de 5º curso.
 3. Alumnado con unha cualificación de 9 ou superior na nota media nas materias de 4º curso.